

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 1 DE ABRIL DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día un de abril de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ (que se ausenta do salón de sesións no momento que se expresa nesta acta)
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se ausenta do salón de sesións no momento que se expresa nesta acta)
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 1 de abril de 2024, que xunto coa

gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202404010910460000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Non obstante, faise constar que debido a un problema técnico, a gravación da sesión non comeza ata que teñen transcorrido dez minutos e 46 segundos dende o seu inicio, polo que se recollen nesta acta o contido íntegro das manifestacións efectuadas polos membros da Corporación durante ese período de tempo, recolléndose o resto da sesión integramente na gravación.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión e dá lectura ao contido do artigo 130.4 do Regulamento orgánico municipal que di:

'(..) a sesión ten carácter público e vaise proceder á súa gravación e difusión para xeral coñecemento da cidadanía dos asuntos tratados nela. As persoas asistentes como público á sesión o fan libremente e enténdese que dan o seu consentimento á gravación e difusión das opinións e imaxes que delas se obteñan.'

pasando a continuación ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2024 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 4 DE MARZO DE 2024

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de febreiro de 2024 e á sesión extraordinaria e urxente do día 4 de marzo de 2024, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de febreiro de 2024 e á sesión extraordinaria e urxente do día 4 de marzo de 2024, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas a acta da sesión ordinaria do día 29 de febreiro de 2024 e da sesión extraordinaria e urxente do día 4 de marzo de 2024.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 288.627,94 EUROS, RELATIVO ÁS DÉBEDAS POLO CANON A ABOAR Á EMPRESA AUGASERVI, S.L., CORRESPONDENTE AO 4 T 2022 E 1 E 2 T 2023

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, na sesión ordinaria de data 21 de marzo de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa AUGASERVI S.L., correspondente ao T 2022 e 1 e 2 T 2023, para garantir que se poidan cumprir por parte da empresa co punto segundo do acordo adoptado polo Pleno da corporación na súa sesión extraordinaria e urxente de data 4 de marzo de 2024, relativo á iniciación da extinción da relación de prestación do servizo municipal de auga e sumidoiro coa empresa AUGASERVI S.L. e demais acordos en relación ao escrito presentado por AUGASERVI S.L., en data 5 de febreiro de 2024 (entrada 20249000000402)

Expediente: 2024/G006/000057 - 2024/G006/000037

Visto que o Pleno da corporación en sesión extraordinaria e urxente do día catro de marzo de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, no punto cuarto da orde do día o seguinte acordo:

« **Terceiro.-** Aprobar, previo informe da Intervención Municipal, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito por importe de 288.627,94 euros relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa correspondente ao T 2022 e 1 e 2 T 2023, para garantir que se poidan cumprir por parte da empresa co punto segundo deste acordo.
De ser positivo o informe do Consello Consultivo á revisión de oficio, cuxo expediente se está a tramitar, procederase a regularizar a cantidade a aboar polo Concello á empresa ou a reintegrar por parte da empresa ao Concello a cantidade que proceda. »

Visto que como se sinala no dito acordo, o decidido no punto 3º tiña carácter de acto de trámite.

Visto o informe de Intervención de data 01.03.2024 (CVD:psU8rQNA13LbbVtSISyM) no que, entre outros extremos, conclúe:

“ (.../...) Dado que o alcalde ditou a **resolución de alcaldía número 203/2024, de 22 de febreiro (CVD: PjAUznP0YTvoQd7qJ0e)** pola que se resolveu o inicio do procedemento de **revisión de oficio** e na data actual o expediente está en trámite de información pública, **antes de proceder a calquer pago se debe rematar coa tramitación do procedemento iniciado.**

Neste punto cabe recordar que, de conformidade coa STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 (* **a negrita e o subliñado é propio**):

“(…/…)Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa. Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxeccionar o REC. (.../...)”

CUARTO.- É **preceptivo** que, á maior brevidade, se proceda a **licitar** o contrato de servizo municipal de auga e rede de sumidoiros do Concello de Cambre polos procedementos legalmente establecidos coa finalidade de rematar coa situación irregular na que se atopa a prestación do servizo dende o ano 2005. (.../...)”

Visto o informe de Secretaría de data 01.03.2024 (CVD: 2hoSoFWZwsYX4ri3KRGq) no que, entre outros extremos, conclúe:

“ (.../...) Segundo.- Polo que respecta á primeira das cuestións verbo das que a Alcaldía solicita informe, esta Secretaría, coas cautelas, salvedades e condicionamentos sinalados na cuestión previa, comparte as consideracións contidas no informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral en data 28 de febreiro de 2024 (CVD: GaME8BjVNDV871Z763au) polo que da a súa conformidade ao contido do dito informe (artigo 3.4 do Decreto 128/2018,

de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

Terceiro.- En canto segundo extremo verbo do que se solicita informe, e toda vez que, como se indicou, por Resolución da Alcaldía de 22 de febreiro de 2024 iniciouse expediente de revisión de oficio considérase preciso(como tamén se puxo de manifesto pola que subscribe no informe de data 15 de xaneiro de 2024 (CVD: rN14Gu+s++shkND1zsEO), que con carácter previo ao recoñecemento de obrigas, se tramite o correspondente expediente de revisión de oficio, pois como sinala, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo de data 19 de xullo de 2022 non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique, e a causa nestes casos non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito debe declararse pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. No suposto examinado o expediente de revisión de oficio se atopa en trámite (actualmente en trámite de audiencia), polo que ata tanto non conclúa entende a que subscribe, seguindo o sinalado na sentenza citada, non procede neste momento procedemental o recoñecemento de obrigas.

Di a dita sentenza citada , entre outras cousas ,que: (.../...)"

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de data 07.03.2024, Informe á providencia asinada polo alcalde ás 18:17:00 horas do día 04.03.2024 (CVD: ZfAaa7xt2eW6a+biKSqc) pola que solicita informe de intervención sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito referente a AUGASERVI, S.L. (CVD: /GfIZUi+9A+qZ4KROnXv) no que, conclúe:

«(...) Dado que nos atopamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito xa advertido polos anteriores interventores e, nestes casos, o noso ordenamento xurídico non permite a convalidación, por resolución de alcaldía número 203/2024, do 22 de febreiro iniciouse o expediente de revisión de oficio en relación co SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL

O inicio do expediente de revisión de oficio está amparado e fundamentado na STSXG nº 5671/2022 do 19 de xullo de 2022 dacordo coa cal só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros.

Por outra banda, o informe CCG 78/2023 emitido o 26.04.2023 polo Consello Consultivo de Galicia a solicitude do Concello de Cambre dispón: **(* a negrita e subliñado é propio)**

“(…/…) Así, se a realización por empresas ou particulares dunhas obras, prestacións de servizos ou subministracións de bens tiveren a súa orixe nun contrato ou actuación administrativa formalizada con carencia ou insuficiencia de crédito orzamentario, prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou, en xeral, incorrendo en calquera outra causa de nulidade de pleno dereito, debe ese acto ser sometido ao procedemento de revisión de oficio. A consecuencia lóxica da declaración de nulidade do acto contractual ilícito sería o abono ao contratista do “valor” da súa prestación, conforme ao previsto no art. 42.1 da LCSP, con indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que sufrira, pero ese deber non sería tal, como antes se indicou, cando a Administración aprecie que son de aplicación os límites do artigo 110 da LPAC ou cando, atendendo ao informe do órgano interventor, emitido en función dos parámetros que se indican no artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, non se considere procedente o inicio do procedemento de revisión de oficio.(…/…)”

No caso de declararse a nulidade da contratación verbal, o importe a percibir por Augaservi, SL serao en concepto de indemnización sendo que a fixación desta deberá realizarse seguindo un procedemento contradictorio o cal pode concluir a improcedencia de abonar conceptos tales como o beneficio industrial dado que non se pode presumir boa fe por parte de quen coñece que está a obrar á marxe do dereito. Así pois, a obriga de que o recoñecemento extraxudicial de créditos vaia precedido da oportuna tramitación do procedemento de revisión de oficio alcanza todavía máis forza se temos en conta que o importe da citada indemnización será presumiblemente inferior aos importes reclamados por Augaservi, SL

En consecuencia, ADVIRTO que con carácter previo á aprobación do gasto vía recoñecemento extraxudicial de créditos débese substanciar o expediente de revisión de oficio para declarar a nulidade da contratación verbal iniciado por resolución de alcaldía núm. 203/2024, do 22 de febreiro (PjAUznP0YTvOqD7qjJ0e) e que na actualidade está en fase de alegacións.

Igualmente advirto que, visto o réxime de recursos definido na proposta asinada o 01.03.2024 as 14:51:00 (CVD: jmLRfGw27EZn4CVnab7s) pola concelleira delegada de economía, facenda e réxime interior, **o punto referido á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos foi calificado como acto de trámite polo que, se a pesar**



das advertencias formuladas por esta intervención, é interese do alcalde continuar coa aprobación do citado Recoñecemento Extraxudicial de Crédito deberá sometelo novamente ao Pleno cun novo devengo de asistencias para os membros da Corporación que puido evitarse de terse concedido o turno de palabra solicitado por esta intervención na sesión do 04.03.2024 (...)»

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito por importe de 288.627,94 euros relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa AUGASERVI S.L. con CIF B15359383, correspondente ao 4 T 2022 e 1 e 2 T 2023, para garantir que se poidan cumprir por parte da empresa co punto segundo do acordo adoptado polo Pleno da corporación na súa sesión extraordinaria e urxente de data 4 de marzo de 2024, relativo á iniciación da extinción da relación de prestación do servizo municipal de auga e sumidoiro coa empresa AUGASERVI S.L. e demais acordos en relación ao escrito presentado por AUGASERVI S.L., en data 5 de febreiro de 2024 (entrada 202490000000402).

De ser positivo o informe do Consello Consultivo á revisión de oficio, cuxo expediente se está a tramitar, procederase a regularizar a cantidade a aboar polo Concello á empresa ou a reintegrar por parte da empresa ao Concello a cantidade que proceda.»

Aberta a quenda de intervencións, intervén a Sra. presidenta que explica que no pleno do 4 de marzo, no que se acordou comunicar á empresa Augaservi a incoación do expediente de revisión de oficio, así como que esa empresa debía seguir prestando o servizo, recollíase no punto terceiro da proposta aprobar un recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 288.627,94 euros. Di que ese punto terceiro, xunto cos outros, foi denominado por erro na proposta como acto de trámite, polo que o dito recoñecemento non foi aprobado no pleno de marzo, por iso di que hoxe volven traer este recoñecemento a pleno nos mesmos termos que veu no mes de marzo.

Manifesta que é un recoñecemento que lles permitirá aboar á empresa que presta o servizo de abastecemento e saneamento de auga o cobro de parte da débeda que o Concello de Cambre ten coa empresa, e na que se baseaba precisamente o escrito presentado no seu día pola empresa para deixar de prestar o servizo de abastecemento e saneamento de auga no Concello de Cambre.

Di que o Goberno, tal e como dixo en marzo, fai unha proposta por pagar a parte de débeda que xa foi informada por todas as partes e asume, vía recoñecemento extraxudicial, un pago que, tal e como recolle a doutrina do Consello Consultivo, é unha vía válida e alternativa á revisión de oficio.

Concedida a palabra á voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, manifesta que o Partido Popular sobre este tema mantense na abstención por considerar ao Goberno municipal o máximo responsable desta situación. Di que a súa inoperancia e a súa falta de dilixencia administrativa levou ao concello a unha situación límite na prestación dos servizos básicos, poñendo en perigo a súa subministración, ocasionando incerteza no benestar e nos dereitos dos veciños e veciñas. Conclúe dicindo que a substituta da Alcaldía, a Sra. Pan, é unha das maiores responsables deste colapso, e que pretender que os demais grupos sexan cómplices das súas ilegalidades non entra dentro do código ético e moral do Partido Popular.

Concedida a palabra á concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, manifesta que neste pleno non tería que terse feito este punto da orde do día se no seu momento a Sra. interventora, cando pediu o uso da palabra, se lle deixara falar. Expón que di isto previamente porque agarda, e é o seu desexo, que a nova alcaldesa non incorra nestes comportamentos que evitarían traer de novo este punto da orde do día. Di que eles non teñen moito máis que dicir, que están por acatar as leis, e que, se ben ven ben os informes e a xurisprudencia que alegaba a entón concelleira Sra. María Pan, hoxe alcaldesa, di que eles teñen que rexerse por as leis de Galicia, que para iso hai unha sentenza moi clara.

Continúa dicindo que non van facer o relatorio do que aconteceu, por que chegaron aquí cando non é unha cousa nova da Sra. secretaria e da Sra. interventora, senón que dilles que son eles os que levan no Goberno dúas lexislaturas nas que non sacaron a licitación absolutamente nada, ningún dos servizos, ademais, tan básicos como pode ser este. Di que os interventores anteriores xa fixeron advertencias de que non se podía seguir con este procedemento dun contrato nulo, é dicir, dun contrato que non existe. Logo, por tanto, non fan caso a esas advertencias e chegando este punto vense con que, evidentemente, non hai outro xeito que licitar unha vez que se resolva polo Consello Consultivo. Di que van ter auga, van ter rede de sumidoiros porque a empresa vese obrigada; e que tamén no seu momento fixeron mención de que non entenden que houbera tampouco boa fe por parte da empresa contratista posto que non o demandou como sería correspondente se actuara de boa fe.

Conclúe dicindo que, resumindo, o BNG vai manter a súa abstención, facendo fincapé en que se lles deixe sempre actuar tanto á secretaria como á interventora nos plenos, porque di que esas señoras están aquí para dar fe do que aquí acontece, pero tamén para asesoralos, e xa di, se ese día se lle deixa falar á Sra. interventora isto non sería necesario, porque ela aclararía que iso estaba incompleto e que non se podía aprobar nese pleno e teñen que traelo a este, nada máis.

Concedida a palabra ao voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, manifesta que, brevemente, porque xa a compañeira do BNG dixo bastante do que pensaban; que a súa intervención hai un mes di que está aí, e a súa opinión tamén, pero que si é verdade que confían en que agora, co cambio de goberno, vaian saíndo adiante estas cousas, vaian arranxando a situación e di que pola súa parte, aínda considerando ao goberno saínte, incluso ao entrante culpable desta situación, vanlles dar ese voto de confianza e van seguir na abstención.

Intervén a Sra. presidenta quen manifesta que cre que o dixo en marzo, cando expuxo por primeira vez este tema, e trátase de resolver unha situación; que non é a maneira máis correcta, posiblemente, hai que sacar a licitación eses pregos; dilles que saben, porque xa llelo dixo, que están os pregos, o PPT e o prego de cláusulas administrativas para licitar o tema da auga; van tarde, é posible, pero están aí, igual que outros servizos que están en precario. Di que están botando a andar e solucionando eses erros; que non é cuestión de botarlle culpas a ninguén, que do que se trata agora é de buscar solucións e de tirar para adiante, e aplaude e recibe con boa sintonía esa abstención que recibiron dos partidos.

Continúa dicindo que, de todas formas, si que quería aclarar unha cousa, cometeron erros e poden resolvelos. Di que traer un recoñecemento extraxudicial de crédito a pleno non é unha cousa que se traia con todos os informes, ou sexa, con todos os informes en contra si, pero di que non é algo excepcional que fai o Concello de Cambre; que quérelle comentar ao Partido Popular, que o Concello de Mos, gobernado polo Partido Popular, levou ao pleno de febreiro un recoñecemento extraxudicial de crédito por 1.600.000 euros de facturas do ano 2023 que tampouco tiñan contrato en vigor; di que non é que o faga UxC, fano noutros concellos gobernados por siglas moi dispares e o Consello Consultivo, cre que llelo dixo no pleno de marzo cando defendeu este punto, xa di que a revisión de oficio vén a equivaler igual a un recoñecemento extraxudicial de crédito, pódese facer unha cousa e outra. Di que é verdade que hai sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que avalan primeiro a revisión de oficio, pero que hai outros, por exemplo unha do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña que non pensa o mesmo, entón sentenzas hai de todos os tipos, agora é verdade que teñen mandado dous expedientes ao Consello Consultivo, o Consello Consultivo vaise pronunciar, pero insiste en que esta vía de recoñecemento extraxudicial de crédito estase a levar a cabo en moitísimos concellos a día de hoxe, gobernados por distintas forzas políticas.

Di que soamente quere dicir outra cousa, respecto total e absoluto polas habilitadas nacionais; que cre que empezan unha nova época na que a semana pasada xa se reuniu con elas e a súa idea é ter un diálogo constante con elas; di que tamén é certo, e non quere deixar de dicilo, que esa intervención que non se lle

concedeu á Sra. interventora no pasado pleno de marzo foi por unha causa moi clara que xa se explicou; que se vía algunha contradición nesa proposta, que si a houbo, e di que ela o soubo a posteriori, debería térselles dito antes de empezar o pleno; que, quitando iso, nada que dicir, con elas vai seguir falando; que cometeu o erro, e é verdade que nesa proposta ela foi quen introduciu un punto terceiro, que era ese recoñecemento extraxudicial, e non se modificou a parte última da proposta; que é un erro de redacción, asume a parte que lle toca, e simplemente dicir que os pregos están aí e que van en camiño de sacar a licitación ese servizo que boa falta fai.

(Cando son as once horas e dez minutos, comeza a gravación da sesión.)

Neste momento intervén a Sra. interventora municipal para solicitar a palabra á Sra. alcaldesa e esta dille que non lla vai dar.

A continuación, intervén a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, na sesión ordinaria de data 21 de marzo de 2024, que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:03:47 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:04:00 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:04:04 horas

- Moción do grupo municipal do BNG sobre propostas da CIG na Campaña STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción do BNG, rexistrada de entrada ao núm. 202499900001802 o día 22 de marzo de 2024, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Cubeiro Fernández, quen, unha vez concedido, dá lectura á moción que transcrita di:

“Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensiblemente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos rescíndense por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfíren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galicia, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galicia, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.

Cómpre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito a decidir e negociar en Galicia os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

Acordos

- 1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.
- 2.- Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.
- 3.- Instar ao Goberno galego e español á aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.
- 4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.

Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galicia das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG, rexistrada de entrada ao núm. 202499900001802 o día 23 de febreiro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do BNG anteriormente transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:10:08 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 388/2024, do 26 de marzo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as:

- Juan González Leirós
- Daniel Mallo Castro
- Ramón Boga Moscoso
- María Carmen Pan Matos
- David López Saborido
- María Yolanda Díaz Baldomir

Segundo.- Notificar persoalmente aos/ás designados/as a presente resolución e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 389/2024, do 26 de marzo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro.-** Nomear tenentes de alcalde e pola orde que de seguido se indica, aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeiro tenente de alcaldesa: Juan González Leirós
Segundo tenente de alcaldesa: Daniel Mallo Castro
Terceira tenente de alcaldesa: Ramón Boga Moscoso
Cuarta tenente de alcaldesa: María Carmen Pan Matos
Quinto tenente de alcaldesa: David López Saborido
Sexta tenente de alcaldesa: María Yolanda Díaz Baldomir

Segundo.- Corresponde aos/ás nomeados/as substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeñar as funcións de alcalde/sa nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o/a novo/a alcalde/sa.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos/ás designados/as e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 58.3 do Regulamento orgánico municipal.”

- Do escrito presentado polos sete concelleiros e concelleiras integrantes de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 20240000001592, polo que se constitúen en grupo municipal baixo a denominación de Grupo Municipal de Unión por Cambre e designan como voceiro titular do grupo a Ramón Boga Moscoso, como voceiro suplente 1º a María del Carmen Pan Matos e como voceiro suplente 2º a David López Saborido.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:11:10 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 157 resolucións numeradas da 214 á 370 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
214/2024	26-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de febreiro de 2024

215/2024	26-02-2024	Aprobación do expediente de transferencia de crédito número 2/2024 por un importe de 205.964,22 euros
216/2024	27-02-2024	Concesión da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza. Solicitante: SECU
217/2024	28-02-2024	Aprobación da realización da actividade "Obradoiros de Semana Santa 2024" e as súas condicións de desenvolvemento
218/2024	28-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
219/2024	28-02-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 21/02/2024 xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: PME
220/2024	28-02-2024	Aprobación da proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 405.213,67 euros, pola taxa de recollida do lixo do segundo trimestre de 2023. Aprobación da proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 404.151,56 €, a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do terceiro trimestre de 2023
221/2024	28-02-2024	Aceptación do reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no informe de data 16 de outubro de 2023 e, polo tanto, non proceder ao pago da indemnización solicitada por dona MBLG polos traballos realizados como instrutora das dilixencias previas, instruídas para determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente disciplinario a funcionario desta corporación
222/2024	28-02-2024	Comparecer no procedemento ordinario 21/2024 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, no recurso contencioso-administrativo interpuesto pola representación procesual de IEC S.L., contra a desestimación presunta polo concello dos escritos presentados en datas 22.08.23 e 29.09.23 nos que se reclamou o aboamento das facturas correspondentes ás mensualidades de abril a xuño de 2023 e a cantidade de 99.239,60 euros e intereses legais de aplicación
223/2024	29-02-2024	Aprobación da nómina dos mes de febreiro de 2024 cun total retribucións brutas 371.130,03 euros
224/2024	29-02-2024	Aprobación das despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes xaneiro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento por un importe total 93.782,37 €
225/2024	29-02-2024	Autorizar a EBD, funcionaria de carreira do Concello de Cambre, pertencente á escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos medios á prórroga da comisión de servizos no posto de xefe de Unidade Técnica de Infraestruturas que está ocupando, de conformidade cos artigos 96 da Lei 02/2015 de Emprego Público de Galicia e 64 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995

226/2024	29-02-2024	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar EA, S.L., na parcela sita no lugar de Sobreguexe (Cecebre) facendo uso do camiño público municipal, sen ter depositado o correspondente aval e carecendo de título habilitante municipal, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
227/2024	29-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 22 m ² de vía pública cun andamio na rúa Travesía da Coutelana, parroquia do Temple, dende o 4 de xaneiro ata o 31 de marzo de 2024, con motivo das obras de illamento térmico exterior nas fachadas e colocación dun falso teito nas vivendas da última planta do edificio. Solicitante: R, S.L.
228/2024	29-02-2024	Arquivar o expediente incoado a MBRE e RAMR pola realización de actos consistentes na demolición dun volume e a construción doutro arrimado a unha das fachadas da edificación principal, na parcela sita en Telva, parroquia de Sigrás, sen título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente quedan regularizadas coa comunicación previa presentada
229/2024	29-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 62 m ² de vía pública para acopio de material e contedor de obra na rúa Anxel Fole, 1, parroquia do Temple, dende o 23 de decembro ata o 23 de febreiro de 2024, con motivo das obras de descenso a cota cero do ascensor existente, e retirada das placas de fibrocemento existentes e colocación de panel sándwich na cuberta do edificio sito na rúa Luis Seoane, parroquia do Temple. Solicitante: JMLL
230/2024	29-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 41 m ² de vía pública cun andamio e 30 m ² para zona de acopio, contedor de obra e caseta na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, dende o 1 de febreiro ata o 1 de marzo, con motivo das obras de illamento térmico nas fachadas e illamento e impermeabilización da cuberta do citado edificio. Solicitante: R, S.L.
231/2024	29-02-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o Lote 6 (Seguro para flotas de vehículos) do Acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP. Prorrogar un ano máis o Lote 6 (Seguro para flotas de vehículos) do Acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP), condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025
232/2024	01-03-2024	Delegar na concelleira dona María Carmen Pan Matos para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MAMS e JBRL
233/2024	01-03-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
234/2024	01-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de marzo de 2024
235/2024	01-03-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o día 4 de marzo de 2024
236/2024	01-03-2024	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe comunitario do edificio situado na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: LT, CB
237/2024	01-03-2024	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos para a provisión en comisión de servizos de catro postos de Policía Local
238/2024	01-03-2024	Rectificar o parágrafo primeiro da Resolución da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade número 1984/2023 de xeito Autorizar a LMTB titular da licenza de taxi número 24, a substituír o vehículo co que presta servizo
239/2024	01-03-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: DRVV
240/2024	04-03-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 24.079,00 euros. Factura F/2023/4796 Pinturas González Iglesias
241/2024	05-03-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 22/02/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: NGQE
242/2024	05-03-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 16/02/2024, xa que segundo o disposto no artigo 23.7, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: CLMV
243/2024	05-03-2024	Asignar o número 1 F á parcela e vivenda situada na rúa Quintán, CP 15660, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
244/2024	05-03-2024	Considerar desistido a MRM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
245/2024	05-03-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 23/2/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.4, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: ND,A
246/2024	05-03-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: GICH
247/2024	05-03-2024	Considerar desistida a YGHH da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
248/2024	05-03-2024	Considerar desistida a LJHA da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 11/12/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
249/2024	05-03-2024	Considerar desistida a OCB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
250/2024	05-03-2024	Considerar desistida a LP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 23/11/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
251/2024	06-03-2024	Aceptar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no informe de data 16 de outubro de 2023 e, polo tanto, non proceder ao pago da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		indemnización solicitada por LAPM polos traballos realizados como secretario das dilixencias previas, instruídas para determinar se concorren as circunstancias que xustifican a incoación dun expediente disciplinario a funcionario desta corporación
252/2024	06-03-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato e prorrogar un ano máis, ata o 07.03.2025, o contrato baseado do servizo de mediación de riscos e seguros do Acordo marco tramitado pola Central de Contratación da FEMP, formalizado coa única adxudicataria (WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.) do lote 1 (Asturias, Cantabria, Castilla y León, Galicia, La Rioja, Madrid, Navarra y País Vasco) deste acordo marco, condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025
253/2024	06-03-2024	Desestimar as alegacións presentadas por JFAP, en representación de RRG, por canto que non desvirtúan os feitos constatados nin a súa consideración técnica, limitándose a expoñer unha declaración de intencións, sen concretar unha data para a presentación do proxecto de rehabilitación e solicitude de licenza. Declarar o estado de ruína técnica e económica da edificación sita na rúa San Marcos, Anceis. Iniciar expediente de orde de execución para adoptar as medidas necesarias para a conservación da edificación
254/2024	06-03-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 47 m ² de vía pública cun andamio e contedor de obra na parte posterior do edificio sito na Praza da Ría, parroquia do Temple, dende o 1 de marzo ata o 1 de maio de 2024, con motivo das obras de rehabilitación das fachadas do edificio. Solicitante: R, SL.
255/2024	06-03-2024	Ampliar o prazo concedido para a demolición da edificación sita en Roncesvalles, Brexo por un mes solicitada por CEM
256/2024	06-03-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 116 recibos e 19 cotas cero dun total de 135 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.776,94 euros
257/2024	06-03-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 117 recibos e 19 cotas cero, dun total de 136 persoas usuarias, e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.855,08 euros
258/2024	06-03-2024	Asignar os seguintes números rúa Luis Pimentel nº 4 baixo esquerda exterior porta B e rúa Luis Pimentel nº 4 baixo dereita exterior porta A, Cambre (A Coruña), CP 15179, segundo plano de situación que consta no expediente
259/2024	06-03-2024	Asignar os seguintes números rúa Luis Pimentel nº 4 baixo esquerda exterior porta A e rúa Luis Pimentel nº 4 baixo dereita exterior porta B. Cambre, CP 15179, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
260/2024	06-03-2024	Cesar con data 10 de marzo de 2024 a JRFP a petición propia, polo seu reingreso ao Concello de Ourense como Policía Local e declaralo na situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, de acordo co artigo 174 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público Galicia
261/2024	06-03-2024	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita no lugar de Barral, parroquia de Bribes, en solo cualificado como de núcleo rural nas Normas Subsidiarias Municipais do Planeamento de Cambre e solo de núcleo rural común N2, variante 1 no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente. Solicitante: VFB
262/2024	06-03-2024	Ordenar aos herdeiros de MVR que retire os vertidos existentes na parcela sita



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		en Sarnoso, Brexo, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, debéndoos entregar a un xestor autorizado, considerándose proporcionado un prazo de 15 días para a súa retirada
263/2024	06-03-2024	Declarar a caducidade do expediente incoado pola realización de obras consistentes na construción dun peche sen licenza municipal na finca sita en San Paio, Brexo, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, ordenando o arquivo das actuacións practicadas, quedando a edificación na situación do artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, de acordo co disposto no artigo 153.2 do citado texto legal
264/2024	07-03-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
265/2024	07-03-2024	Nomear a LSF auxiliar administrativa interina encadrada escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2 e adscrita a Secretaría en substitución transitoria de RANF de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
266/2024	07-03-2024	Nomear a RMBR auxiliar administrativa interina, encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2, por exceso ou acumulación de tarefas, adscrita a Sevizos, por un prazo inicial de tres meses, prorrogable ata un máximo de nove meses dentro dun período de dezaioito meses, de conformidade co artigo 23- 2 d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
267/2024	07-03-2024	Aprobar as facturas por importe de 2.655,13 euros
268/2024	07-03-2024	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá dende a sinatura desta resolución ata que o Pleno da Corporación adopte o acordo de coñecemento do meu escrito de renuncia ao cargo
269/2024	08-03-2024	Considerar desistida a JPG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 24/11/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
270/2024	08-03-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MVG
271/2024	08-03-2024	Considerar desistida a MCA da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 16/12/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
272/2024	08-03-2024	Solicitar unha subvención para poñer en marcha o proxecto de obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto, isto ao abeiro do disposto na Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicada no DGO nº 38, do 22/02/2024
273/2024	08-03-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato baseado e adxudicar o contrato baseado do servizo de seguro de danos materiais do Acordo marco tramitado pola central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias ao licitador OCCIDENT GCO S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, cun prazo de duración de un ano, prorrogable un ano máis, cun importe da prima de 25.226,94 euros (impostos incluídos)
274/2024	08-03-2024	Ordenar á CdeP do edificio sito en Travesía da Coutelana, O Temple, a reparación dos desperfectos existentes na fachada principal do citado edificio, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o cal deberán presentar a oportuna comunicación previa de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		obras co contido indicado no anexo 6 da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, considerándose proporcionado un prazo de 15 días para a súa presentación
275/2024	08-03-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o luns 11 de marzo de 2024, ás 11.00 horas
276/2024	08-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de marzo de 2024
277/2024	08-03-2024	Declarar o cese con data 10 de marzo de 2024, e a petición propia, de AZM funcionaria interina do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
278/2024	08-03-2024	Aprobación de facturas por un importe total de 18.136,65 euros
279/2024	08-03-2024	Toma de coñecemento do cese con data de efectos do 1 de marzo de 2024 do enxeñeiro técnico industrial interino MCC pola reincorporación do funcionario interino a quen substituíra
280/2024	08-03-2024	Declarar a desistencia de SCC da solicitude de licenza de parcelación da finca sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, de data 29 de novembro 2021, de conformidade co artigo 94 a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Declarar concluído o procedemento instruído e archivar o expediente correspondente
281/2024	08-03-2024	Declarar a xubilación, con efectos do 26 de febreiro de 2024 do funcionario de carreira XALM
282/2024	08-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a CLGdeD para a rectificación das deficiencias detectadas na finca sita en Armental, Pravio
283/2024	08-03-2024	Conceder a funcionario municipal adscrito a Secretaria, unha licenza por asuntos propios de tres meses sen retribución de conformidade co artigo 127 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
284/2024	11-03-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 14 de marzo de 2024, ás 11.00 horas
285/2024	11-03-2024	Considerar desistida a MCAS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/12/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
286/2024	11-03-2024	Arquivar a denuncia presentada por MPGF ao terse constatado que a día de hoxe a vexetación existente na finca sita en Armental, Pravio, atópase nun aceptable estado de conservación, sen que se aprecie un incumprimento substancial dos criterios establecidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
287/2024	11-03-2024	Considerar desistido a JLP da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 31/01/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
288/2024	12-03-2024	Comparecencia no contencioso PA 281/2023 L ante Xulgado Contencioso núm. 2 da Coruña, por reclamacións de pago facturas C.S.L.
289/2024	11-03-2024	Considerar desistido a CGS da solicitude realizada para a tramitación dunha axuda de inclusión social (AIS) con data 28/08/2023 e por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
290/2024	12-03-2024	Aprobar, con efectos do 1 de novembro de 2023, a relación de 2 altas e 1 baixa para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de novembro
291/2024	11-03-2024	Considerar desistida a SMFN da solicitude realizada con data 30/08/2023 relativa á emisión dun informe para a entidade Cruz Vermella, por non achegar a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
292/2024	11-03-2024	Considerar desistida a AMI da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 12/09/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
293/2024	11-03-2024	Considerar desistida a MEBC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/11/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
294/2024	11-03-2024	Considerar desistido a da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 30/08/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
295/2024	11-03-2024	Considerar desistido a FRG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/07/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
296/2024	12-03-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: JRFB
297/2024	12-03-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: CFL
298/2024	12-03-2024	Considerar desistida a RD da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
299/2024	12-03-2024	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar MFC SL, no lugar de Piñeiro-Cecebre, facendo uso do camiño público municipal, sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
300/2024	12-03-2024	Declarar a caducidade do expediente nº 2017/I002/000118 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MLP e MRNC co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente dos actos consistentes na instalación dun contenedor na finca sita en Aían, Sigrás, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
301/2024	12-03-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por CPC contra a resolución da Alcaldía de data 29 de abril de 2022 por canto que se constatou o cumprimento do disposto na citada resolución, sen que queden máis edificacións auxiliares pendentes de legalización ao ter as mesmas máis de seis anos de antigüidade, tal e como quedou acreditado no expediente. Arquivar o expediente incoado a JMNCh e AGV pola realización de obras na finca sita en Volteiro, Cecebre, consistentes na construción dun muro de peche, un invernadoiro e a reforma do baixo da vivenda, carecendo de título habilitante
302/2024	12-03-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 30 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada

		a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de San Lourenzo, parroquia de Meixigo. Solicitante: UFD, DE, S.A.
303/2024	12-03-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas, con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 24/2023, do día 11 de xaneiro de 2023 pola que se ordenou a LAVG a eliminación dos vertidos existentes na parcela sita no lugar da Rocha, Anceis, ao terse constatado o seu incumprimento, de conformidade co disposto polo artigo 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
304/2024	12-03-2024	Ordenar a JGC e MJPR que retiren os vertidos existentes na parcela sita no lugar de Gaiteiro, Sigrás, debendo entregalos a un xestor autorizado
305/2024	12-03-2024	Considerar desistida a MMP da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 03/11/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
306/2024	12-03-2024	Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, a relación de 9 altas e 19 baixas para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 no mes de xaneiro
307/2024	12-03-2024	Considerar desistida a LTI da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 25/08/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
308/2024	12-03-2024	Considerar desistido a LAL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 25/08/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
309/2024	12-03-2024	Considerar desistida a CBO da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 23/02/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
310/2024	12-03-2024	Impoñer a HMF unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se lle ordenou a restitución ao seu estado anterior das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (ventá) na fachada traseira da edificación sita en Pena, Sigrás de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
311/2024	12-03-2024	Contratar a JMDD como persoal laboral docente para impartir o curso "Soldadura con electrodo revestido e TIG", código FMEC0110 familia profesional fabricación mecánica (número do curso 2023/005126), isto ao abeiro da Orde do 11 de maio de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023/2024
312/2024	12-03-2024	Convocar a sesión ordinaria da Mesa Local de Comercio para o día 15 de marzo de 2024, ás 11:00 horas nas antigas oficinas da OMIX do Concello de Cambre (rúa Wenceslao Fernández Flórez s/n – Cambre)
313/2024	12-03-2024	Considerar desistida a LJA da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 31/01/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
314/2024	12-03-2024	Considerar desistido a LEL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 29 de xaneiro de 2024, por non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
315/2024	13-03-2024	Conceder a a licenza municipal solicitada para instalar unha arqueta e executar unha canalización de 14 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Barral, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD DE, S.A.
316/2024	13-03-2024	Impoñer a LTR unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e obras do día 13 de setembro de 2022, pola que se ordenou a reposición das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (porta) na fachada traseira da edificación sita en Pena, Sigrás, ao estado anterior, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
317/2024	14-03-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 29 de febreiro de 2024 tendo en conta os informes da coordinadora de Servizos sociais de data 08.03.2024, e aprobar as facturas por importe total de 245.595,01 euros
318/2024	13-03-2024	Cesar con data 8 de marzo de 2024 a JLRB por finalizar a causa que deu lugar ao seu nomeamento, a substitución transitoria de XALM por cesar este como funcionario, de conformidade co artigo 24.3-d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
319/2024	14-03-2024	Corrixir o erro detectado nos apartados primeiro e segundo da parte resolutiva da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos número 204/2024, do 23 de febreiro, pola que se impón a JDM unha multa coercitiva
320/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a FJVS pola renuncia do alcalde a súa condición de membro da Corporación, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local
321/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a ARS pola renuncia do alcalde a súa condición de membro da Corporación, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local
322/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a ASS pola renuncia do alcalde a súa condición de membro da Corporación, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local
323/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a MVG pola renuncia do alcalde a súa condición de membro da Corporación, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local
324/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo de 2024 como persoal eventual no Concello de Cambre a RLV pola renuncia do alcalde a súa condición de membro da Corporación, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local
325/2024	14-03-2024	Cesar con data 14 de marzo do 2024 á funcionaria interina MBN pola reincorporación ao seu posto da titular do mesmo a quen substituíu, RLV, de conformidade cos artigos 10-3 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24.3 d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
326/2024	15-03-2024	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos para a provisión en comisión de servizos de catro postos de Policía Local
327/2024	15-03-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención de data 12 de decembro de 2023 e aprobar a factura por importe total de 1.621,45 euros
328/2024	15-03-2024	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar GS, S.L. consistentes na



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		ocupación da vía pública cunha terraza e unha máquina expendedora fronte ao local sito na praza Manuel LUGRÍS, O Temple, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
329/2024	15-03-2024	Conceder a licenza para a división dunha finca sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre de 1.323 m ² , en dúas parcelas de 879 m ² e 444 m ² , sendo ésta última de cesión obrigatoria e gratuíta ao Concello para regularización do viario público. Solicitante: MSP
330/2024	15-03-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por MNS contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 8 de marzo de 2023, que ordenou a demolición das obras consistentes en construír un cerramento na parcela sita en Sigrás de Abaixo, Sigrás sen título habilitante. Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por MNS, para a rehabilitación do peche frontal da parcela, ao atoparse este suxeito ao presente expediente de disciplina urbanística
331/2024	15-03-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 42 m ² de vía pública na rúa Río Valiña, parroquia do Cambre, dende o 3 de marzo ata o 3 de maio de 2024, con motivo das obras reparación e impermeabilización das fachadas das bufardas do edificio sito na rúa Río Valiña, parroquia do Cambre, obras que contan co pertinente título habilitante. Solicitante: JMGC
332/2024	15-03-2024	Aprobar, con efectos do 1 de decembro de 2023, a relación de 3 baixas no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 no mes de decembro
333/2024	15-03-2024	Denegar a ampliación do prazo outorgado para a retirada do soportal metálico instalado na fronte da fachada do baixo comercial sito na rúa Constitución, O Temple
334/2024	15-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de febreiro de 2024
335/2024	18-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de marzo de 2024
336/2024	18-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JPP, VCP e ACP para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Lamiño, Bribes, ao atoparse esta descoidada, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
337/2024	18-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a CMF e aos herdeiros de OGF para a poda das tullas existentes na finca sita no lugar de Pena da Nosa Señora, Cambre, que teñen máis de 4 metros de altura, entrando en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
338/2024	18-03-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2024 por importe de 55.712,51 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 55.712,51 euros
339/2024	18-03-2024	Levantar o reparo suspensivo para poder continuar coa tramitación do expediente, contratar e dispoñer de libros de texto para poder realizar tanto do Obradoiro de Emprego "Proxedis socio sanitario - educativo" 2023 - 2024, como os diferentes cursos do Plan Formativo para o emprego (Plan AFD), e así poder executar adecuadamente e xustificar e percibir as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao Concello de Cambre para financiar estas diferentes accións formativas, nos prazos establecidos, sen menoscabo algún para os intereses xerais do Concello.
340/2024	18-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ESF para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Mosteiro, Bribes, así como a poda das polas que invaden a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		limpeza viaria
341/2024	18-03-2024	Ordenar a X 2007 SL, que realice a poda da vexetación existente na finca sita en Monte, Bribes, que está a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
342/2024	18-03-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JABC e MSDR, pola construción dunha canceira, en Torre, San Lourenzo, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia
343/2024	19-03-2024	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado limpeza de edificios municipais prestado pola empresa Jardincelas, S.L.
344/2024	19-03-2024	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre prestado pola empresa Instelec S.L.
345/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JPP, VCP e ACP para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Lamiño, Bribes, ao atoparse esta descuidada, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
346/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Bandedó, Brexo, que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
347/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a IA, S.L. para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Camiño da Carreira, Sigrás, que se atopa descoidada, cunha altura superior a un metro, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
348/2024	19-03-2024	Asignar o número 4 baixo esquerda exterior porta E á vivenda situada na Praza da Ría, CP 15679, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
349/2024	19-03-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 22 de marzo de 2024
350/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución ao A. de S de C para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Folgueira, Santa María de Vigo, que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
351/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ETV para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Fontaiña, Bribes, que invade a vía pública, estando algunha das polas das árbores afectadas rota, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
352/2024	19-03-2024	Iniciar expediente de orde de execución ao A. de S de C para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Tuiño, Santa María de Vigo, que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
353/2024	20-03-2024	Declarar a xubilación forzosa da funcionaria de carreira MPPD con efectos do 20



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de marzo do 2024
354/2024	20-03-2024	Dar de alta na aplicación PMH-Accede á funcionaria interina LSF; dar de baixa na aplicación PMH-Accede á funcionaria RBS; e modificar o perfil de usuario dos/as seguintes funcionarios/as MdeIMJS, MJFA e RNF
355/2024	20-03-2024	Iniciar procedemento sancionador a DGMB para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización de obras parcela sita en Piñeiro, Cecebre, consistentes na reforma dun galpón, sen título habilitante, sendo cualificados tales feitos coma infracción grave polo art. 158.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
356/2024	20-03-2024	Declarar a desistencia de Pde, SC da solicitude de licenza para instalación de terraza fronte á pulpeira situada na rúa Pintor Pablo Manzano, durante o ano 2024, de conformidade cos artigos 21 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Declarar concluído o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
357/2024	20-03-2024	Impoñer a LAS e MSM unha nova multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 28 de abril de 2021 pola que se ordenou a reposición das obras realizadas nas fincas sitas no lugar de na Xira Sigrás, ao seu estado anterior
358/2024	20-03-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por DGMB contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e obras de data 1 de abril de 2022 pola que se ordenou a demolición do galpón sito en Piñeiro, Cecebre. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a DGMB, cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, 1000,00 €) ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 1 de abril de 2022
359/2024	20-03-2024	Corrixir o erro detectado no apartado único da parte resolutiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación núm. 174/2024, do 15 de febreiro
360/2024	20-03-2024	Aprobación de certificacións 1 a 8 da obra "mellora funcional e accesibilidade do parque Ramón Barba". Aprobación de facturas correspondentes por importe total de 138.822,00 euros
361/2024	20-03-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida e falecemento, ás persoas correspondentes ao mes de agosto de 2023, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
362/2024	20-03-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios ás persoas correspondentes ao mes de setembro de 2023, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
363/2024	20-03-2024	Conceder a licenza municipal para a execución dunha gabiá de 8 m ² destinada a proporcionar subministración de gas natural canalizado á nave sita na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: NG, S.A.
364/2024	21-03-2024	Considerar desistido a MB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 21/12/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
365/2024	22-03-2024	Aprobar a nómina do mes de marzo do 2024 por importe líquido de 278.631,04 euros
366/2024	22-03-2024	Levantar o reparo suspensivo emitido pola interventora municipal o 25 de xaneiro do 2024, isto con base no informe da xefatura da Área de Urbanismo e Réxime

		Interior emitido en data 19 de marzo do 2024, e aprobar a nómina de atrasos da corporación municipal con dedicación exclusiva ou parcial da lexislatura 2019-2023 por importe total de 47.591,30 euros
367/2024	22-03-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo de todas as persoas que se relacionan, nas datas do mes de outubro de 2023 que constan, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data do día 21 de marzo de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.
368/2024	21-03-2024	Aprobar, con efectos 1 de febreiro de 2024, a relación de 19 altas e 10 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 no mes de febreiro
369/2024	22-03-2024	Autorizar a E.L.F., titular da licenza de taxi número 9, a substituír o vehículo co que presta servizo, por outro de nova adquisición, marca Volkswagen, modelo Caddy Maxi Tripod, matrícula **20M**
370/2024	22-03-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, duplicidade, inscrición indebida e falecemento ás persoas que de seguido se relacionan e dende a data que consta, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes o día 22 de marzo de 2024, e en virtude do establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais:

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2024
Proposta relativa á designación do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como responsable do contrato do "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre". Expediente núm. 2020/C004/000022
Proposta relativa á designación do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como responsable do contrato do "Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre". Expediente núm. 2020/C004/000021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2024
Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adjudicataria "Narabeen Global Services, S.L." para o Lote 3 "Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal" incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o "Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre", polo importe de 261,68 euros.
Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adjudicataria "Ovejero Sequeiro, S.L." para o Lote 3 "Serigrafía e sinalización" do contrato das "Servizos e subministración para a montaxe do evento Open Science Cambre", polo importe de 472,92 euros. Exp: 2021/C005/00007.

Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria “Grupo Disber Siglo XXI, S.L.” para o Lote 2 “*Subministración de lotes de produtos de Nadal*” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “*Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre*”, polo importe de 430,00 euros.

Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria “Fluge Galicia, S.L., para o Lote nº 5 «*Servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no Anfiteatro durante o desenvolvemento da IV Romaría Galaico Romana “Galaicoi”*», incluído no contrato mixto de «*Servizos e subministracións correspondente á organización do mercado galaico - romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre*», polo importe de 227,25 euros. Exp: 2019/C004/000012.

Proposta relativa á devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria “Artestudio Xestión Cultural, S.L., para o Lote nº 2 “*Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico*” do contrato de “*Servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico - Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre*”, polo importe de 98,00 euros. Exp: 2019/C004/000013.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de marzo de 2024

Proposta relativa á devolución do aval outorgado pola entidade Bankinter S.A, prestado en garantía da correcta execución por parte de UTE IDOM-ARNAIZ, do contrato de servizo para a “*Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre-Expte. 10/4-3 SERV*”.

Proposta relativa á adxudicación do contrato menor para a “*Subministración e montaxe de seis focos no Campo de Fútbol Dani Mallo*” a “INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA S.L.”, por un importe de 9.993,27 euros (IVE incluído), 8.258,90 euros sen IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

(Cando son as once horas e vinte e dous minutos auséntase da sesión a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández)

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:11:19 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900001837 o día 25 de marzo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:11:32 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán:

“Rogaríamos desde o Grupo Municipal do Partido Popular que vostede como alcaldesa dea voz de forma presencial aos veciños no propio pleno, aos que así o demanden. Con requisitos en tempo e forma pero así estaríamos a humanizar a política de portas abertas de pensamentos. A vida plenaria converteríase en expresión viva do sentir popular, veciñal. Fomente vostede a política do pobo, eles son a máxima expresión do sentir do noso Concello sen eles non teríamos unha razón de ser, para estar aquí, nin sequera vostede. Non se esconda dicindo que hai outros métodos, sexa receptiva a ser a anfitriona aquí no pleno daquel que queira falar, porque todos nós antes que nada somos veciños e estamos aquí para arranxar temas de veciños, somos

veciños traballando para veciños e por que non que sexan eles os que falen tamén. Unha Cambre viva sinte, chora, ri, ama e tamén fala. Eu persoalmente só o vin nunha ocasión, instaure a habitualidade e foméntelo. Todos temos moito que aprender e sobre todo moito que compartir dos que queren falar, non levante muros entre aqueles que estamos a facer política e aqueles que demasiadas veces visto o visto do que acontece en Cambre o están a padecer.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén a Sra. Espiñeira Galán e a Sra. alcaldesa.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:19:10 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán:

“Seguimos a pedir que se fagan efectivos os contratos de urxencia e que se abonen os importes que se deben ás Anpas, de forma inmediata xa que para a maioría dos mortais urxencia vai ligada a inmediatez. Están a perigar as actividades extraescolares que axudan a conciliar vida laboral con familiar por falta de fondos e tamén perigan os autobuses. Rogamos que paguen o que deben e cumbran co prometido.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén a Sra. Espiñeira Galán.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:21:28 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez:

“O Partido Popular considera moi grave que Cambre aínda non conte cun presuposto municipal aprobado para o 2024 e ter prorrogado o do ano pasado. A prórroga do presuposto engadido á situación de colapso na xestión do Concello por parte do goberno local, supón un agravamento da situación actual e limita moito máis a capacidade de acción do Concello á hora de realizar actuacións, novos investimentos e de resolver problemas, por todo isto dende o Partido Popular solicitamos que se dea máxima prioridade por parte da nova alcaldesa á presentación do presuposto municipal para o exercicio 2024, presuposto do que aínda non sabemos nada.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900001834 o día 25 de marzo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:27:55 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“A inseguridade que se vive cando se cruza a Fraga de Cecebre pola estrada, vén sendo fonte de preocupación tanto para a veciñanza, como para aqueles que teñen que facer ese tránsito acotío, con altísimo risco de que unha árbore caia enriba dalgún vehículo con resultado de morte. O feito de que non se leve producido, non quita o medo de que aconteza calquera día.

Resulta inexplicable que nunca se lle requirira á propiedade, que fixera as xestións necesarias para prever estas caídas, e así os servizos municipais teñen que facer intervencións periódicas de cortas cando invaden a estrada.

Dende o BNG, xa trouxemos a Comisións informativas este asunto, e se ben se prometeu levar a cabo un estudo por medio dun profesional competente, que determine que exemplares corren perigo de derrube, solicitamos a este goberno local, que o faga a máxima inmediatez, e non coma outros asuntos que quedan no saco do esquecemento, o que nos obriga a traer os mesmos asuntos unha e outra vez, coa esperanza dunha solución.

Dada a urxencia do asunto, rogamos ao responsable de área que se nos dea traslado de cales foron os pasos iniciados cara a solucionar dunha vez este problema, e non nos vale nesta ocasión que digan que están de acordo, e que van facer. Queremos saber exactamente o que se leva feito.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

(Cando son as once horas e corenta e nove minutos auséntase da sesión o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez)

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:39:11 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“Seguindo coa Fraga de Cecebre, voltamos a rogar que se nos dea traslado, dos pasos seguidos para levar a cabo as beirarrúas dende a zona de Quintán até a zona de Bribes superado o muro da presa de Cecebre.

Sabemos que a estrada é competencia da Xunta, pero sabemos tamén que o Concello ten que demandar as veces que sexa preciso desa administración para que dunha vez se leve a cabo.

Por tanto, este rogo repetitivo tamén é para que se fagan todas as medidas de presión para dotar de seguridade peonil aos veciños de Cecebre, que están sendo tratados como de segunda categoría sen merecelo.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:42:23 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“Respecto das irregularidades na axuda a domicilio, e visto que se nos comentou que se estaban levando a cabo os controis necesarios coa empresa contratista rogamos que se nos dea traslado das solucións acadadas.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 00:44:13 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 20249990001837 o día 25 de marzo de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:44:15 horas

Lee a pregunta o Sr. Vázquez Pérez:

“Ante as numerosas incidencias no Servizo de Axuda no Fogar, como o descontrol nos horarios de visita, os continuos cambios nos auxiliares que atenden aos usuarios ou que estes aparecen nos domicilios sen identificarse, así como o incumprimento por parte da empresa de realizar as visitas obrigatorias nos fogares: Que medidas urxentes vai adoptar o goberno local para que a empresa cumpra coas súas obrigas de levar a cabo o correcto funcionamento do servizo e mellorar a atención dos usuarios do SAF?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:45:40 horas

Lee a pregunta o Sr. Vázquez Pérez:

“Ante as respostas ambiguas, por unha parte o señor Patiño dixo que estaba practicamente descartada a antena en Anceis e por outra o señor Leirós explicou que non se pode afirmar nada categoricamente sobre a antena, preguntamos desde o Grupo Popular Cambre: Cal é realmente a situación?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:47:16 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez:

“Despois do anuncio nestas semanas de varias empresas de servizos, como Jardincelas ou Emprego Social, que preparan demandas contra o Concello polos impagos acumulados, dende o Partido Popular de Cambre queremos saber: Cales poden ser as consecuencias económicas en indemnizacións, costas procesuais ou intereses, así como de responsabilidade patrimonial, derivadas das demandas de empresas e provedores acumuladas contra o Concello polos impagos, ou se hai unha previsión do custo que pode supoñer para as arcas municipais?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900001834 o día 25 de marzo de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:48:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes:

“Supoño que ten coñecemento o concelleiro responsable de Policía, que a primeiros de marzo, nas dependencias municipais, cando ía falar coa traballadora social, houbo un desaloxo dunha nai dun usuario de axuda no fogar, con un xeito inusual en canto á forza empregada, mesmo tirándoa no chan.

Que explicación nos pode dar en canto ás medidas tomadas para que non volva acontecer?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:50:07 horas

Lee a pregunta o Sr. Brais Cubeiro:

“O 12 de decembro de 2023 saíu publicado no DOG a concesión de subvencións a entidades locais para varios programas de benestar social para os anos 2023 a 2025.

No anexo I está publicada a concesión de subvencións e o Concello de Cambre é beneficiario en varios programas:

b) Programas dirixidos a persoas sen fogar:

Concello de Cambre. Proxecto Lagare.
Cun total concedido de 74.677,40 €

c) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana:

Concello de Cambre. Proxecto Amari.
Cun total concedido de 56.234,42 €

d) Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo:

Concello de Cambre. Programa Prisma.
Cun total concedido de 64.009,20 €

Concello de Cambre. Proxecto Píllara.
Cun total concedido de 64.009,20 €

En que estado de tramitación está a contratación destes programas?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:51:27 horas

Lee a pregunta o Sr. Brais Cubeiro:

“Cal é o estado de tramitación da obra de reforma do pavillón dos Campóns?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo